

## PROGRAMACIÓN CULTURAL MAIO, MES DAS LETRAS 2022

### XII Concurso de Marcapáxinas

Concurso destinado ao alumnado dos centros de ensino do Concello. Podes consultar as bases en [www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org)

### Animación á lectura

**Martes, 10 de maio**

COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE,  
"Problemas", *Contacontos Teatral*  
Biblioteca Municipal de Zas. 18h

### Narración oral

**Xoves, 12 de maio**

VERO RILO, "Outra vez!"  
Auditorio do Concello. 10.30h  
VERO RILO, "E a ti ...qué che contaban?"  
Auditorio de Baio. 12.30h  
Funcións escolares.

### Música / Poesía

**Venres, 13 de maio**

FEMININO PLURAL, *Silvia Penide e Carla López*  
«Mulleres creadoras »  
Auditorio do Concello. 10.30h  
FEMININO PLURAL, *Silvia Penide e Carla López*  
«Mulleres creadoras »  
Auditorio de Baio. 12.30h  
Funcións escolares.

### Teatro

**Xoves, 19 de maio**

REDRUM TEATRO, "Invisibles"  
Auditorio de Baio. 12.45h  
Función dirixida ao alumnado da ESO e BACH dos centros de ensino municipais.

### Animación á Lectura

**Martes, 24 de maio**

COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE,  
"Problemas", *Contacontos Teatral*.  
Axencia de Lectura de Baio. 18h

### V MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO LABARTA POSE

**23 de abril**

HIPÓCRITA TEATRO  
"Cásting" Auditorio de Zas

**30 de abril**

FARANDOLEIRAS CABARÉ  
"Olimpo's" Auditorio Baio

**7 de maio**

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS  
DA ESTRADA  
"Sobre o mal que fai o tabaco" Auditorio de Zas

**14 de maio**

GARGALLADA TEATRO  
"Un desastre de función" Auditorio de Baio

**21 de maio**

FAUNA 113  
"A derradeira cea" Auditorio de Zas

Todas as funcións ás 21.30h

### +info

WEB: [www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org)  
FACEBOOK: Concello De Zas Actualidade Municipal  
INSTAGRAM: Concellozas

**981 751 398 - 981 718 056**

C.S.C. ZAS

C.S.C. BAIO



M  
a  
i  
o  
  
m  
e  
s  
  
d  
a  
s  
  
l  
e  
t  
r  
a  
s



FLORENCIO

DELGADO

GURRIARÁN

LETRAS GALEGAS

2022



## Vida e obra

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu no 1903 en Córghomo (Ourense).

Cando tiña seis anos trasladouse a Ourense e posteriormente a Palencia, onde cursou estudos de Bacharelato. Entre 1914 e 1924 estudou Dereito en Valladolid. De regreso a Córghomo, traballou como pasante nun gabinete de avogados de Valdeorras e fíxose socio protector do Seminario de Estudos Galegos.


Comezou a publicar poesías en *A Nosa Terra* e o *Heraldo de Galicia*.

No 1933 ingresou no Partido Galeguista e un ano máis tarde publicou na revista *Nós* a súa primeira escolma; ***Bebedeira***.

O inicio da Guerra Civil obrigouno a exiliarse; primeiro a Portugal e Francia e tres anos máis tarde a México onde exerceu diversas profesións, como a de vendedor de calzado e roupa ou representante de farmacia. Á marxe disto, colaborou con organizacións do exilio como a Alianza Nacional Galega, o mexicano Ateneo de Galicia ou O Fogar Galego; así mesmo dirixiu a revista ***Saudade***.

No 1944 participou como mandatario do Partido Galeguista no pacto Galeuzca, formando parte do Consello de Galicia en México.

En 1953 constitúese o Padroado da Cultura Galega en México que impulsou a creación da revista ***Vieiros***; Florencio Delgado participou na súa dirección ao carón de Carlos Velo e Luis Soto.



Florencio M. Delgado Gurriarán, por Anxo Santomil

En 1963 deu á luz *Galicia infinda*. Regresou a Galiza no 1968, aínda que marcharía de novo. Retornaría en 1976 e en 1981 para tomar posesión do seu cargo como membro da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Valdeorreses. Ese mesmo ano publicou ***Cantaneras***.



Fonte: Imaxe cortesía de Ricardo Gurriarán

Regresou a México e en 1986 publicou o seu derradeiro libro ***O soño dun guieiro***. Morreu en California en 1987 e as súas cinzas foron trasladadas a Córghomo poucos meses despois.